


7 / OUTUBRO DO 2004 - NÚMERO 535

rdL REVISTA
DAS
LETRAS



WALTER EBELING
Un retrato de Galicia (1928-1933)

Coordination: A. R. Leizaola / Sociedade Galega de Estudos e Investigacións
Deseño: Xosé María Quinteiro / Xosé María Quinteiro
Fotografía: Xosé María Quinteiro / Xosé María Quinteiro
Correo: miare@galicia-hoxe.com



A mirada de Ebeling en Galicia

O Museo do Pobo Galego exhibe desde hoxe en Compostela as fotografías realizadas por Walter Ebeling en Galicia entre 1928 e 1933. Seguindo as pautas do seminario de Lingüística da Universidade de Hamburgo, Ebeling amosa un percorrido por numerosas aldeas de Lugo nun momento histórico no que as comunicacións eran moi deficientes. A mostra ten un excepcional valor pola posibilidade de achegarse á vida dos homes e mulleres do agro de hai máis de setenta anos a través dunhas instantáneas que fixan o tempo e o fan visitable. O monográfico que hoxe presentamos é unha selección da mostra que hoxe se inaugura, realizada grazas ó préstamo de Ignasi Ros Fontana –depositario do arquivo fotográfico do Seminario de Hamburgo. Canda as instantáneas, reproducése un extracto do ensaio realizado por González Reboredo sobre a colección.

O plano de traballo do *Seminario de Lingüística da Universidade de Hamburgo*, dirixido polo profesor F. Krüger nos anos vinte, trinta e primeira metade dos corenta do século XX, tivo unha especial relevancia en zonas de montaña da península Ibérica. Algunhas comarcas de Galicia foron obxecto de atención por parte do propio Krüger de maneira marxinal, mais, no que se refire ás terras lucenses, será o seu discípulo Walter Ebeling quen leve a cabo un minucioso traballo de campo na parte oriental do territorio provincial, nun período que podemos situar entre 1928 e 1933.

Froito deste estudo foi a publicación, no volume V da revista *Volkstum und kultur der Romanen* (Hamburgo, 1932) da investigación titulada *Die landwirtschaftlichen Geräte im Osten der Provinz Lugo*, na que se aproveitan os materiais recollidos polo investigador ata esa data sobre o carro, o xugo, o arado, a grade e outros trebellos propios do mundo rural galaico tradicional. Outros temas, sen embargo, quedaron sen publicar e só os coñecemos polas fotografías por el tiradas naqueles anos, ou pola súa aparición nalgúns traballos de conxunto de F. Krüger. Os etnolingüistas de Hamburgo seguían un método derivado da corrente chamada de 'Palabras e Cousas', tratando de recoller o léxico rural en estreita asociación cos obxectos ós que as palabras se refiren. Esta opción metodolóxica esixe un rigoroso traballo de campo, unha continua presenza do investigador na área de estudo para apreciar persoalmente as características dos trebellos e recoller a súa nomenclatura de boca das xentes que os utilizan, valéndose de medios auxiliares proporcionados pola tecnoloxías dispoñible na época, como a fotografía. E isto precisamente é o que fixo no oriente lucense o investigador W. Ebeling. A súa colección fotográfica revela que percorreu numerosas aldeas nun momento histórico no que as comunicacións eran moito máis deficientes que no presente, xuntando multitude de detalles que se reflicten nun rico e suxeridor conxunto de instantáneas visuais da cultura rural vixente na Galicia interior deses tempos. Obtidas para servir de documentos de traballo, teñen aínda hoxe un valor excepcional para o antropólogo, sexa especialista en antropoloxía visual ou non, mais tamén para calquera outro estudoso ou persoa curiosa que aspire a coñecer a vida cotiá dos homes e mulleres do agro de hai setenta anos. Grazas ó Sr. Ignasi Ros Fontana, actual depositario do arquivo fotográfico do Seminario de Hamburgo e a Excm. Deputación Provincial de Lugo, que asumiu o gasto de compensación económica e reprodución destas, hoxe podemos dispoñer dunha copia destes materiais, os que seguramente servirán para futuras actividades non só de investigación, senón, o que é moi importante, como complemento de accións orientadas a activar o noso patrimonio etnográfico [...].

[Na busca dos testemuños xeográficos]

Dado que Ebeling lle asignou a cada fotografía un número que remite a unha lista na que se indica o lugar, así como unha breve descrición dos contidos, en xeral podemos situar sen problemas a maioría delas. De todos os modos, nesta lista normalmente só se menciona a localidade, pero non a parroquia e municipio, polo que se presentan algunhas dúbidas con contados topónimos repetidos na mesma área ou comarca.

Para confirmar a localización exacta, neste caso acudimos a unha fonte adicional e unha análise da secuencia fotográfica na lista orixinal. A primeira é o mapa que publicou no seu citado traballo en *'Volkstum und kultur der Romanen'*, no que sitúa boa parte dos topónimos mencionados. Mais esta fonte é parcial, pois no escrito o autor non aproveita todos os materiais recompilados, nin alude a todas as localidades visitadas, senón a unha parte delas, aquelas que lle facilitan datos que necesita para elaborar o estudio etnolingüístico sobre os trebellos agrarios elixidos. En consecuencia, algunhas aldeas non están incluídas neste mapa.



Arriba, cruces nun castiñeiro que serven como cruceiro en Rao (Navia de Suarna). Abaixo, dous homes subindo a un castiñeiro para varear as castañas na Ermida. Na portada, Ebeling (no centro) na muralla de Lugo



Arriba, labregos con ouriceiros ou corripas, onde permanecían ata que os ourizos soltaban a castaña (San Antolín de Ibias). Abaixo, escada para baixar dun valado en Outeiro (Láncara), cerca de Vilapedre

A segunda vía para aclarar a localización xeográfica foi prestarlle atención á listaxe que acompaña as fotos, e pódese apreciar en bastantes casos que Ebeling seguiu unhas rutas lóxicas, aproveitando as vías de comunicación dispoñibles na época, e facendo algúns desvíos para ancheir o campo de estudo. (...) Na cidade de Lugo e os seus arredores concéntrase un primeiro núcleo de testemuños fotográficos non moi numerosos, mais si de certo interese. A propia cidade de Lugo e lugares do contorno, así como outros concellos veciños, como Outeiro de Rei –por exemplo, Pape ou Penelas– foron visitados e fotografados.

Unha segunda área da que contamos con fotografías é a que poderíamos denominar a Terra Chá oriental, con exemplos de localidades de concellos como Castro de Rei, A Pastoriza ou un pouco Meira. Pero onde máis centrou o seu traballo foi na parte oriental da provincia lucense, con algunha pequena incursión a localidades limítrofes de Asturias –especialmente o enclave dos Coutos, dependente de San Antolín de Ibias, pero preto de Navia de Suarna –, aínda que moi restrinxidas porque as terras montesías do occidente asturiano xa foron exploradas por F. Kürger, quen obtivo tamén unha interesante colección de fotografías en parte publicadas polo Museu del Pueblu d'Asturies. Segundo en diversas viaxes o percorrido da estrada Nacional VI, visitou aldeas de Baralla, Becerreá. As Nogais, e chegou, de maneira ó parecer esporádica, ata Pedrafita do Cebreiro. Extensións que podemos cualificar de “laterais” conducírono ata lugares dos concellos de Láncara e tamén de Sarria. Moi intenso foi o seu traballo nas terras que se atopan ó norte e nordés de Becerreá, nos municipios de Cervantes e Navia de Suarna. Por último, sinalaremos que, dentro da mesma área oriental da provincia lucense, Ebeling seguiu as rutas que conducen cara ó límite de Asturias e levou a cabo a recollida de datos en concellos como Riotorto. A Pontenova e Ribeira de Piquín. Máis ó sur da área anterior, prestoulles unha atención especial ás aldeas da Fonsagrada e Negueira de Muíiz, deixando un gran número de instantáneas da zona. [...]

[Valor patrimonial]

Dende o seu nacemento hai século e medio, a fotografía foi un importante complemento dos estudos de Antropoloxía física e sociocultural. Lembremos, por exemplo, que na xigantesca obra de Sabin Berthelot titulada *Histoire Naturelle des îles Canariens* (1835-1950) aparecen dous retratos de nativos canarios sacados de daguerrotipos, un deles titulado *Habitant de l'île de Palma* e outro *Descendant de canarien*.

Con posterioridade, as grandes monografías de etnógrafos de finais do século XIX e primeiras décadas do XX adoitaban ir acompañadas de ilustracións fotográficas que complementan ou ilustran o texto, pero tamén é fácil comprobar que estes investigadores utilizaron con frecuencia materiais fotográficos como documentos visuais que lles permitiron fixar as súas observacións e ancheir as impresións recollidas nas notas de campo. Obras como as de Malinowski, centradas nos melanesios das illas Trobriand, foron ilustradas con diversas e significativas fotografías nas que o estudoso captou instantáneas que reflicten diversas moradas do vivir da comunidade. Máis preto de nós, os etnógrafos e folcloristas da península Ibérica deixaron importantes testemuños das formas culturais chamadas tradicionais por convencionalismo, mostras do cal poden ser as fotografías de *Arxú de Etnografía i Floklora de Catalunya* (1915.1930) e as obtidas, e logo utilizadas, nas publicacións do *Seminario de Estudos Galegos* (1923.1936).

Destacaremos, finalmente, que nos últimos decenios xurdiu a chamada Antropoloxía visual como especialidade encamiñada a analizar ou utilizar con perspectiva antropolóxica todos os materiais facilitados pola fotografía ou a filmación, sexan feitos por especialistas en Antropoloxía ou non.

O etnógrafo, polo tanto, sen ser fotógrafo, aproveita esta



Arriba, unha nena fiando co traxe tradicional de gala. No medio, instrumento de mazar o liño. Abaixo, trebellos para preparar o liño en Castro de Rei



Arriba, interior dunha vivenda onde o berce comparte espazo coa vaca.
Abaixo, campo da feira en Becerreá

técnica para anchar o rexistro das súas observacións. Pero tamén contamos con interesantes documentos visuais feitos con intención allea á do etnógrafo e debidos a profesionais da fotografía que, sen embargo, son importantes para recompoñer ou interpretar aspectos das sociedades e culturas humanas. [...] Dentro de Galicia poderíamos citar fotógrafos que fixeron antropoloxía visual sen teren conciencia de seren etnógrafos, dos que lembraremos como modelo a Xosé Suárez Fernández, quen desenvolveu un importante labor en localidades mariñeiras e labregas do país galego, froito do cal é unha exposición levada a cabo en Madrid en 1935.

[...] Pero a fotografía ten outro valor de especial interese. Refírome á súa capacidade para fixar o tempo nun pequeno espazo visualizable en soporte papel, conseguindo desta maneira traer o pasado para o presente. Esta posibilidade de arrincar algo dunha situación real, máis fugaz, e convertelo en memoria permanente, é o que fai do documento visual un soporte con gran capacidade evocadora. [...] A dimensión da fotografía é o emblema do pasado no tempo actual que está ben presente nas fotografías de Ebeling que damos a coñecer. Nelas podemos recuperar a memoria de tipos humanos, de construcións, de trebellos e de actividades propias da cultura agraria de hai tres cuartos de século, aínda que debamos recoñecer que este investigador, coma calquera outro, condicionou a mansaxe que recibimos na medida en que tivo que adaptarse ás circunstancias, non sempre favorables para lograr unhas instantáneas totalmente nítidas, e tamén concentrou, como era de agardar, a súa documentación gráfica en aspectos que lle interesaban de maneira especial, deixando outros nun segundo plano ou no total esquecemento. Resulta, como antes dixemos, moi significativo que abunden nas fotografías detalles do que se vén chamando cultura material, e sen embargo escaseen os referidos, por citar un exemplo, a ámbitos festivos.

Malia a parcialidade dos testemuños que nos deixou, a memoria transmitida nas imaxes tomadas por Ebeling é útil de dúas maneiras complementarias. Para as xentes máis novas, xa criadas nunha sociedade neotécnica, estas imaxes son un bo documento para coñecer os traballos e os días dos seus antecesores. Por outra banda, para os maiores son un bo medio de refrescar a memoria e lembrar vellas vivencias dun momento no que as vacas tiñan nomes e vivían na casa cos humanos, nunha corte ben preto da lareira, ou no que o carro e o arado chamado romano eran artefactos usados moito máis que na actualidade. En definitiva, estes documentos visuais son un lugar da memoria que permite facer interpretacións do pasado mediante a súa contemplación analítica. [...]

A conservación e activación desta memoria do pasado mediante imaxes visualizables e mediante a conservación de obxectos, habilidades e construcións non é, na actualidade, un luxo superfluo e carente de rendibilidade. Pola contra, activacións de diverso alcance e contido, como o Ironbridge en Gran Bretaña, ou o Museo das Landas en Francia, son exemplos de camiños para potenciar un patrimonio integral e integrado no medio social e natural. Ademais, son iniciativas que permiten obter rendementos tanto socio-culturais como económicos, xerando incluso unha certa cantidade de postos de traballo en zonas desindustrializadas ou deprimidas. Nesta dimensión, a colección fotográfica de Ebeling, que hoxe damos a coñecer mediante unha escolma do conxunto, resulta un ben patrimonial do que se pode obter no futuro un rendemento destacado, sempre e cando sexamos capaces de integralas axeitadamente nun máis amplo plan que permita activar social e materialmente un patrimonio rural do que a provincia de Lugo é sobradamente rica.

Xosé Manuel González Reboredo, etnógrafo



Arriba, bailando a muller en Navia de Suarna. No centro, lavandeiras de Mourisco (A Fonsagrada). Abaixo, esquerda vendima en Coea. Á dereita, cacharreiro en Penelas (Outeiro de Rei)



14 / OUTUBRO DE 2004 - NÚMERO 536

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



LOSADA DIÉGUEZ



Figura fundamental para entendermos o devir do nacionalismo político e cultural do século pasado neste país, Antón Losada Diéguez (1884-1929) foi, como pensador e ensaísta, imán que soubo atraer para a causa galeguista moitos nomes cos que se escribe a historia de Galicia: Vicente Risco, Otero Pedrayo ou Florentino López Cuevillas, entre outros. A el, de liñaxe fidalga, débese tanto a idea do artellamento do grupo Nós, co que se vincula dende unha posición doutrinaria e integradora, como boa parte da orientación culturalista operada no seo das Irmandades da Fala. De presupostos ideolóxicos próximos ó chamado filocarlismo –xaimismo– e o tradicionalismo católico participou en movementos de carácter agrarista socialcatólico centrándose, nos últimos anos vividos en Pontevedra, na galeguización ó máximo de todos os ámbitos sociais: coa promoción da Coral Polifónica ou o labor no Museo Provincial e a

A orixe magnética

Misión Biolóxica de Galicia. Entre o seu Boborás natal, A Estrada na que transcorreu a súa vida e a Pontevedra na que faleceu en 1929, artéllanse dende hoxe os actos de homenaxe a Antón Losada Diéguez no 75 aniversario do seu pasamento. Foi a Fundación Alexandre Bóveda quen tomou a iniciativa de celebrar a memoria do polígrafo galego en xornadas nas que se volverá sobre este impulsor de conciencias cunha obra recollida no volume ‘Losada Diéguez. Obra completa’, ó coidado do historiador Xusto G. Beramendi: aos sete contos curtos, á media ducia de poesías, ó fragmento dunha comedia, á incursión parafilosófica ‘Teoría cuasi trascendental da velocidade’ e ó seu discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos engadiuse un avultado material que completa a obra en 92 textos editados e 27 inéditos. Eis “o señorito de pazo, moi relixioso, moi tradicional, culto”, como o definira Pedrayo.

En re-construción

1884: Antonio Losada Diéguez foi nado o 22 de decembro na parroquia de San Mamede de Moldes, concello de Boborás (Ourense), no vello pazo de finais do século XVI que fora dos Tizóns e pasou logo á xinea dos Arias e desta á dos Diéguez. Era o fillo primoxénito de Carmen Diéguez Arias e de Miguel Losada Losada, este da veciña parroquia de San Xoán de Laxas, e tamén de estirpe fidalga e notario da Estrada. O neno foi bautizado o mesmo día na igrexa de Moldes, sendo seu padriño D. Manuel Diéguez Arias, irmán da súa nai e coñecido dirixente carlista de Ourense. Antonio pasou a súa primeira infancia entre Moldes e A Estrada.

1886: É nado seu irmán Xosé.

1888: Súa nai, moi enferma de tuberculose, peregrina en agosto a Lourdes en procura de curación. Pouco despois de tornar a Moldes morre alí, o 19 de setembro.

1891: Morre o seu irmán Xosé de meninxite.

1894: Seu pai casa na Estrada con Amparo de Silva Gómez. Deste segundo matrimonio terá cinco fillos. Antonio, con dez anos, ingresa interno no Colexio do Apóstolo Santiago, que os xesuítas tiñan na Guarda. Alí estudará todo o Bacharelato.

1899: Rematados os seus estudos medios, ingresa na Universidade de Deusto, tamén dos xesuítas, onde fai a carreira de Filosofía e Letras. Asemade estuda Dereito e no curso 1899-1900 examínase dalgunhas materias desta disciplina en Salamanca.

1901: Pronuncia en Deusto unha conferencia: "En que consiste la esencia del liberalismo: sus diversos grados y censuras". Des destes anos son os seus primeiros escritos, ata agora inéditos, en castelán e en galego.

1902: Aproba con sobresaliente os exercicios de grao de licenciatura en Filosofía e Letras na Universidade de Salamanca. En 1902-1903 fai un curso de dereito na Universidade de Santiago.

1904: Marcha a Madrid para facer o doutorado en Letras. Alí vive primeiro na rúa Fuencarral e despois na Costanilla de los Ángeles. Os seus mellores amigos desta época son o violinista Manolo Quiroga e os compañeiros de Deusto Juan Irigoyen. Asiste con asuidade ás corridas de touros, á ópera, ó teatro e ós concertos do Real. Tamén vai polo Ateneo, aínda que sen integrarse nos ambientes rexeneracionistas. Ten tertulia no Café de Levante. A súa vocación literaria acorda nestes anos, nos que escribe tres ou catro pezas teatrais que presenta a concursos, empresarios e literatos de éxito.

1905: Doutórase en Filosofía e Letras pola Universidade Central cunha tese sobre 'La Vida es sueño' de Calderón, que publicará en 1910 en Santiago.

1907: Aínda que segue vivindo en Madrid comeza a pasar temporadas en Galicia, onde ata 1909-1910 participa intensamente nas actividades do agrarismo socialcatólico, fundando sindicatos de labregos na Estrada, no Val Miñor e na zona de Borborás-Carballiño, contestando o monopolio político dos riestristas no municipio da Estrada, e dando mitins como o de 5 de maio de 1907 na parroquia de Oca.

1909: Aparece inscrito na IV Semana Social de España, organizada polo socialcatolicismo en Santiago do 1 ó 7 de xullo, pero aínda sen relevancia pois nin fala en público nen forma parte do comité directivo.

1910: Traslada a súa residencia a Santiago. É nomeado profesor auxiliar da Universidade; axuda a Cotarelo Valledor na súa cátedra de Lingua e Literatura Española e dá tamén clases de lóxica Fundamental. Prosegue os seus interrompidos estudos en Dereito. Retoma así mesmo, e con anovada forza, a súa actividade propagandística católica e amósase publicamente como dirixente xaimista.

No mes de marzo fala no mitin de Caldas de Reis contra as escolas laicas como representante das Sociedades de Agricultores de Oca e Santo Andrés de Veá. En abril dá unha conferencia verbo de "La acción social católica" no Círculo Católico de Obreros de Pontevedra. O 25 de setembro é nomeado presidente da Congregación de San Luis Gonzaga de Santiago. O 2 de outubro pronuncia en Ourense un discurso no mitin organizado polo Círculo Jaimista da cidade. E o 30 do mesmo mes é elixido secretario da Junta Tradicionalista de Santiago.

1911: Mentres segue de profesor auxiliar en Santiago oposita á cátedra de Teoría da Literatura e das Artes da Universidade de Salamanca. Aproba a oposición pero non lle dan a praza. Preocupado polo seu futuro profesional, marcha a Madrid a preparar oposicións e durante ese ano e os dous seguintes non se lle coñecen actuacións propagandistas ou políticas.

1912: Oposita en Madrid á cátedra de Lóxica do Instituto de Pontevedra e suspende. A consecuencia diso sofre unha forte crise. No verán principia o seu noivado con Albina Espinosa Cervelo, que daquela vivía en Vilancosta, parroquia de Berres (A Estrada), na casa familiar dos Espinosa Valladares, onde vivira e morrera Marcial Valladares.

1913: O 4 de maio obtén a cátedra de Psicoloxía, Lóxica e Rudimentos de Dereito do Instituto General y Técnico de Canarias (Santa Cruz de Tenerife), da que toma posesión no Instituto de Santiago. En xuño, sen necesidade de ir ás illas, permútaa con D. Antonio Álvarez Linera pola cátedra homónima do Instituto de Toledo. O 14 de agosto fai a petición de man de Albina Espinosa. En setembro toma posesión da cátedra de Toledo no Instituto de Santiago. O 28 de setembro morre o seu pai na Estrada.

1914: En xuño permuta con Eloy Luís André a súa cátedra homónima en Ourense. Segue politicamente relacionado co xaimismo. En setembro remata os seus estudos de dereito en Santiago e fai os exercicios de grao de Licenciatura. Con tal ocasión coñece a Luis Porteiro, profesor da Facultade, que o examina e cualifica dalgunhas materias. En outubro incórpórase ó Instituto de Ourense e inicia a súa activa participación na vida cultural da cidade. É elixido tesoureiro da Xunta Directiva do Ateneo e presidente da súa sección de Literatura. Alí coñece a Vicente Risco, Marcelo Macías, Arturo Noguero, Florentino López Cuevillas..

1915: O 25 de xuño casa con Albina Espinosa en Domaio (Moaña). Segue vencellado ó agrarismo socialcatólico, e o 13 de xullo pronuncia un discurso en Laxas durante o mitin no que falan Luís Peña Novo, Antonio Monedero e o Pai Nevaes, dentro da xira que estes dous últimos fixeron por Galicia nese verán e que nas bisbaras do Ribeiro e o Carballiño foi protexida e patrocinada por Manuel Diéguez. En outubro os recién casados instálanse en Ourense, primeiro no Hotel Miño e logo nun piso da rúa da Baireira.

1916: O matrimonio trasládase a outro piso, na rúa do Progreso. Losada semella afastarse do xaimismo, a vulgar polo artigo que publica o 6 de maio en 'La Región' no que a única opción política que lle merece gabanzas é o rexionalismo catalán. O 18 de agosto nace en Moldes o seu primeiro fillo, Antonio (morto no 1975). O 10 de outubro volve a Ourense. Forma parte da Comisión Organizadora da Homenaxe a Marcelo Macías e na que non poderá participar. En novembro, el e mais Albina enferman de tifo. Albina morre o 17 de decembro, feito que el non coñecerá ata meses despois, cando supere a doenza.

1917: En marzo torna a Ourense, onde Risco, Noguero e os seus amigos preparan a experiencia neosófica de 'La Centuria', da que o primeiro número sairá en xuño. Pero Losada, rexamente afinado no seu catolicismo tradicionalista, amósase inmune a estes vangardismos dos que fica á marxe. Pola contra, como outros correligionarios seus en Santiago e A Coruña, vaise interesando cada vez máis pola andaina galeguista das Irmandades da Fala. Axiña entra no grupo dirixente das Irmandades. Inicia o proselitismo de Vicente Risco, Arturo Noguero, Florentino López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, e en dous meses crea o que será un dos principais motores do nacionalismo galego dos anos vinte. A finais de novembro viaxa a Barcelona con Porteiro, Antón Villar Ponte, Aurelio Ribalta, Rodrigo Sanz, Aurelio Sanz, Luís Peña Novo e outros, para estreitar lazos coa Lliga Cambó e protagoniza a Semana Galega, no decurso da que fala o día 2 de decembro sobre o problema pedagóxico galego no Institut de Cultura. A súa volta a Ourense organiza o recibimento a Cambó e os actos que teñen lugar na cidade con tal motivo o 2 de decembro. Nelles Vicente Risco fala galego en público por primeira vez. Asemade, Losada publica en 'La Región' un feixe de artigos de propaganda rexionalista.

1918: En xaneiro e febreiro continúa a propaganda escrita en 'La Región', consolida a Irmandade de Ourense, que presidirá ata a súa marcha a Pontevedra, e prepara con Rodrigo Sanz e Lois Porteiro as candidaturas rexionalistas da provincia de Ourense para as inminentes eleccións xerais. Neste contexto apoia

publicamente a candidatura de Porteiro en Celanova contra os ataques dos tradicionalistas e conservadores non galeguistas, e malia as presións de Rodrigo Sanz decide non presentar a súa no Carballiño, senón na Estrada, patrocinando naquel distrito a unha nova figura política, procedente do maurismo, José Calvo Sotelo, que saíra elixido. En febreiro, el e todo o grupo de Ourense foguéanse nunha dura campaña electoral en toda a provincia, na que a resistencia caciquil chega ó punto da agresión física ós oradores e candidatos rexionalistas. Ó mesmo tempo, Losada traballa a súa candidatura na Estrada contra os partidarios do marqués de Riestra, pero saíra derrotado, igual que Porteiro en Celanova. A desfeita electoral desalentou os neófitos ourensáns do galeguismo e Losada emprega os meses seguintes en combater a desmoralización e consolidar o grupo. En maio-xullo publica os seus primeiros escritos en galego en 'O Tío Marcos de Portela' e en 'A Nosa Terra'. Do 26 ó 31 de xullo ten lugar en Compostela unha "Semana Regionalista", organizada polo xornal católico de Madrid 'El Debate'. Malia a oposición amosada por 'A Nosa Terra' a uns actos que coída a manifestación do "regionalismo sano y bien entendido" que as Irmandades queren desterrar de Galicia, Losada e Peña Novo aceptan dar conferencias. Son os únicos que o fan en galego, e isto máis o enfrontamento de Losada con Rodríguez de Viguri fai que o voceiro galeguista lles dedique a posteriores grandes loanzas. A conferencia de Losada o 28 de xullo, a primeira que daba en galego, versaba sobre 'Os problemas do idioma e da cultura no rexionalismo galego'. Tampouco abandona a súa vella actuación agrarista, e por exemplo, en agosto fala nun mitin na Estrada. En setembro, e de acordo con Porteiro, propón ós nacionalistas da Coruña unha xuntanza de todas as Irmandades para fixar un programa e uns criterios organizativos comúns. Fíxase a data do 24 de outubro, pero o andazo da gripe e a morte de Porteiro obrigan a pospoñela. Ó cabo, o 17 e 18 de novembro celébrase en Lugo a I Asemblea Nacionalista, presidida por Losada, que é tamén o primeiro asinante do manifesto que alí se aproba e que constitúe a acta fundacional do nacionalismo galego e a base de todos os programas das súas organizacións ata a fundación do Partido Galeguista en 1931.

1919: Losada esfórzase por espallar a organización. En febreiro, co fin de promover unha Irmandade en Vigo, organiza unha serie de conferencias na Sociedade 'La Oliva' desa cidade, na que fala de 'Os idiomas e o nacionalismo'. En abril, e co mesmo propósito, dá un mitin nacionalista na Estrada xunto con Leandro Pita e Xesús Culebras, militantes da Irmandade de Santiago. En maio, perante a convocatoria de novas eleccións xerais e aínda baixo o impacto da derrota de 1918, propón o seo do directorio unha táctica de abstención electoral e afortalamiento da organización, a propaganda e o traballo de base. Froito desa proposta é o 'Manifesto do Partido Nacionalista Galego' redactado por el, que a 'Xunta Suprema das Irmandades' publica en 'A Nosa Terra' o 25 de maio, e no que estas siglas saen por vez primeira á luz pública. No verán inicia o noivado coa súa cunhada Mercedes Espinosa Cervera, quen viña coidando do seu fillo na Estrada dende a morte de Albina. O desexo de estar máis preto da noiva e do fillo, ós que Ourense pouco podía ver, faílle pedir o traslado ó Instituto de Pontevedra, que lle é concedido. En Outubro chega a Pontevedra e nese mesmo outono concibe a idea da revista 'Nós', que propón a Risco por carta e que este acolle moi ben. Asemade urxe a convocatoria dunha nova Asemblea das I.F. coa intención de reformar o programa de Lugo e as normas de organización no sentido dunha maior centralización do poder dentro do movemento. Pero nin sequera Risco secunda esta iniciativa por coidala prematura e prexudicial. Asiste a II Asemblea Nacionalista (Santiago 7-9 novembro de 1919), pero non preside ningunha das seccións. Nin o programa nin o organigrama sofren cambios e Losada segue a ser membro do Directorio, agora en representación de Pontevedra, pese a non ter formada aínda unha Irmandade propiamente dita nesa cidade. Fala nun mitin ós estudantes, destinado a promover a creación dunha organización nacionalista universitaria. Comparte a tribuna con Castela, Noguerol, Uxío Montes, Paz Andrade, Risco e Peña Novo.

1920: En xaneiro a parella fai a viaxe de noivos a Lourdes, en cumprimento dunha promesa feita por Mercedes durante unha grave enfermidade anterior. Como amosa a súa correspondencia segue teimando na necesidade de reformular programática e organizativamente o nacionalismo, pero os seus intentos nese sentido fracasan outra vez na III Asemblea Nacionalista, tida en Vigo do 16 ó 18 de abril, agás na creación dun órgano dirixente máis restrinxido, o Consello Permanente, para o que non é elixido. En setembro concibe Renacemento Galega, especie de partido minoritario dentro das Irmandades, que non vai adiante. O 26 de novembro é nado en Pontevedra o seu fillo Miguel.

1922: Na casa de Losada fanse as primeiras xuntanzas para a creación do diario vigués 'Galicia', do que o primeiro número saíra o 25 de xullo. En xaneiro e febreiro insiste na súa correspondencia con Risco na necesidade de reorganizar as Irmandades instituíndo un poder unipersonal, que Risco se resiste a aceptar para si. Entre os dous preparan a estratexia para acadar eses obxectivos na IV Asemblea. Esta ten lugar en Monforte do 18 ó 20 de febreiro e nela prodúcese a escisión da I. F. da Coruña e o nacemento da Irmandade Nacionalista Galega, da que Risco é elixido Conselleiro Supremo e Losada terá o car-

né nº 2. O 11 de marzo Risco nomea Conselleiro de Espallamento; o 19 de marzo redacta o regulamento da súa sección e nos meses seguintes actúa na práctica como celador da pureza ideolóxica da militancia nacionalista e como secretario de organización, segundo se desprende dos informes confidenciais que recibe das diferentes agrupacións. Tamén ensaia unha mediación cos da Coruña, a través de Peña Novo, para reunificar o nacionalismo, pero fracasa. En maio funda co grupo de Pontevedra a revista mensual en galego 'Alborada', de curta vida e de natureza literaria. En xuño, o manifesto 'Máis Alá', firmado por Manoel Antonio e Álvaro Cebreiro, contén a primeira crítica pública que se lle fai desde a mocidade vencellada a I.N.G., aínda que cinguida a cuestións estético-literarias. Na súa casa crea un grupo de discípulos (Iglesias Vilarelle, Filgueira Valverde...) a 'Xuntanza de Estudos e Investigacións Históricas e Arqueolóxicas, precedente inmediato do Seminario de Estudos Galegos que se fundará en Santiago o 12 de outubro de 1923 e ó que se sumará a Xuntanza.

1923: Losada dedícase cada vez máis os labores culturais en Pontevedra e o seu protagonismo propiamente político dentro da ING decrece. A súa sinatura non aparece nin unha vez en 'Rexurdimento', voceiro oficial da organización. Aínda que asiste na Coruña á V Asemblea Nacionalista (18-19 de marzo) e dá alí unha conferencia con tal motivo, non sae elixido para ningún cargo directivo, probablemente a petición propia, é substituído na consellería de Espallamento por Xaime Quintanilla. O 15 de abril é nada a súa filla Mercedes en Pontevedra. O 26 de maio pronuncia no Ateneo de Vigo unha conferencia sobre Castelao. En setembro prodúcese o golpe de Estado de Primo de Rivera. O Directorio Militar dissolve os Concellos e as Deputacións Provinciais. Calvo Sotelo pide a Losada que os galeguistas da súa confianza entren nas novas corporacións para sanealas e traballar pola creación da Mancomunidade de Galicia. Losada fía nesas promesas e convence a Risco para que faga o mesmo en Ourense.

1924: O 20 de xaneiro toma posesión como deputado provincial pola Estrada. É nomeado vicepresidente da Comisión Permanente e membro da Comisión de Cultura da Deputación. Nos meses seguintes presenta ou promove mocións a prol da Mancomunidade. O 26 de marzo participa na reunión de representantes das catro deputacións de Galicia na que se ratifican os acordos previamente adoptados en cada unha pedindo unha Mancomunidade para Galicia. O 18 de abril é nada súa filla Albina en Pontevedra. O 12 de maio ingresa no Seminario de Estudos cun discurso "Encol da prosa galega", na sesión solemne tida nos locais da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago. O 10 de xuño, perante as presións para que entre na Unión Patriótica de Primo de Rivera e sospeitando xa que a Mancomunidade non se creará en Galicia, presenta unha carta de dimisión ó gobernador da provincia, e o 16 de xullo envía outra no mesmo sentido ó presidente da Deputación. Calvo Sotelo insiste nas súas promesas de descentralización e melloras para Galicia e logra que Losada e Risco fiquen polo de agora nos seus postos.

1925: O 21 de xaneiro preséntalle de novo a súa dimisión ó Presidente da diputación, esta vez de xeito irrevogable, como consecuencia da promulgación do Estatuto Provincial. Cesa oficialmente como deputado o 21 de marzo. A censura impide que publique un artigo en 'Galicia' no que explica os motivos da súa dimisión e se reafirma nas súas posturas federalizantes. O 9 de abril funda e preside a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. O 9 de agosto, o alcalde de Lugo, Eduard Rosón, nomea vicepresidente da sección de Goberno Rexional do Primeiro Congreso de Economía Gallega. O 28 de agosto é nado o seu fillo Xaquín en Moldes. Do 7 ó 9 de outubro asiste en Lugo ó Primeiro Congreso de Economía Gallega e presenta o relatorio sobre Goberno Rexional. O 29 de decembro é elixido presidente do Círculo Católico de Obreros de Pontevedra.

1926: Funda e preside en Pontevedra o Club de Fútbol Eiriña. Presenta ó Seminario de Estados Galegos o traballo "Os nomes de lugares na toponimia galega de valor arqueolóxico". Nestes anos fai escavacións arqueolóxicas no seu predio de Domaio (Moaña) das que en 1927 publicará unha memoria en Madrid. Tamén participará nunha investigación sobre o Castro de Vigo.

1927: En abril organiza a IV Xuntanza Xeral do Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra. O 22 de maio é nomeado membro correspondente da Real Academia Gallega. É operado dun tumor e nace o seu fillo Luis en Pontevedra.

1929: No verán agrávase a súa enfermidade. É internado no sanatorio Baltar en Santiago. O 5 de outubro regresa a Pontevedra e o día 15 morre, sendo enterrado nunha campa do cemiterio da cidade. En decembro naceu o seu fillo póstumo José Antonio, que morreu de sarampo ós catro meses. Anos despois os restos de Antonio Losada foron trasladados á capela da familia na igrexa parroquial de Moldes, onde xacen dende entón.

.....
Cronoloxía de Antonio Losada elaborada polo seu fillo Luis Losada Espinosa e o historiador Xusto G. Beramendi

Antoloxía literaria

Neboeiro

Probes, rosa, saúdosas
Esperando amañecer;
Degaradas, garimosas
Por medrar, y-arrecender.
Tristes rosas, saúdosas.
Todo chega, y-o fin chega,
Cando a pola se dobrega
E non vos pode soste.
Craros sonhos, frolecidos
Cobizando un ideal:
Aniñados, lenticidos
Nunha roseira lanzal.
Tristes sonhos, noitecidos
Todo chega, y-o fin chega
se dos sonhos soilo queda
O Imposible n' o rosal.
(1926)

Ano Novo

Ano Novo, vida nova
Ano novo ¿que traerá?
O vello sospiros leva
O novo ¿Que levará?
Ano que de festa naces,
O pasado xa pasou
Y-a primaveira enverdece
O Cardín xa se murchou,
Mais sei d'abondo ano novo
Qu'o tempo que se vai indo
Pra froles que van caíndo.
Ano novo, vida nova;
Ano novo, outro virá;
O vello sospiros leva,
O novo xa os traerá.

O infinito

Sempre doume pracer este ermo inteiro
Y-esta gándara qu'a unha veira y-outra
D'o leixano orizondo a vista cerran.
Mais sentado y-ollando o interminable
Espazo que s'extende, o sobumano
Silenzo, e profundísima quietude,
O Pensamento ferve y-eu maxino
Qu'o curazón ten medo. E como o vento
Oyo brúar o meu redor, eu este
Infinido silenzo, y-estas voces
Vou comparando: e lémbrome d'o eterno,
E dos pasados tempos, y-o presente
É vivo, y-o seu son. No medeo d'esta
Inmensidade afonda o pensamento:
Y-o solagarse é doce n'este mar.

Romance

Érase a filla d-un Rei
moi devota de María
que tres Rosarios rezaba
e todos tres cada día.
O primeiro de mañán
o segundo traas comida
o terceiro pol-a noite
cando todos xa dormían.
Rezando estaba unha vez
chégase a Madre diviña
e dille: ¿Que fás devota?
¿que estás facendo infantía?
- Señora rezo o Rosario
da nosa Reina diviña.
- Infanta vente conmigo
a unha longa romaría.
- Antes licencia pedir
vou a quen lle debo a vida.
Marchóuse de sala en sala
e de cociña en cociña
hasta a cámara máis alta
por onde o bon Rei dormía.
- Esperte, meu pai, lle dixo
que trayo grande noticia
pois dentro d-este palacio
espera a Reina diviña
e quere vaya con ela
a unha longa romería.
- Entoncos os meus palacios
pra min soilo sobrarían.
- Os probes darllos, señor,
En ben llo consellaría.
Por te levar quen te leva
vaite con Dios miña filla.

.....
Fóronse ô monte Calvario
onde Cristo tal sofrira
ond'a cobra asubiaba
e a serpente respondía.
Ô que chegaron alí
dixo a Señora diviña
- Infanta aquí pasarás
sete anos máis un día;
mandareiche por un ánxel
a fartura que cumprira
e por a branquiña pomba
moi cobizosa bebida.
Así que pasou o tempo
volveu a Virxe María
e preguntoulle sorrindo
- ¿Como che foi miña amiga?
- Foime ben, gracias a Dios
e â Reina que me sostiña.
- Trres estadiños ch'ofrezo
de todos a milloría.
Se queres o de casada
marido tés enseguida.
Se queres entrar de monxa
convento che busco axiña.
Se queres rubir ô ceo
a man che dará María.
- Casada non quero ser
nin en convento acollida.
Eu quero rubir ô ceo
que non vexo millor vida.

.....
Tocan as campás, bon Rei
e ben tocan de alegría
por aquela vosa infanta
que paea o Ceo camiña.

Soneto XV do Dante

Tan xeitosa paresce e recadada
A dona miña s'ela a outro saúda,
Qu'a lingua s'esmorece e queda muda,
Y-os ollos non atreven a mirada.
Ela vaise sintíndose grabada,
Mainiñamente, qu'a omildá ll'axuda;
Si é unha cousa, n'o ánimo pon duda,
D'o ceo á terra n'un miragre dada.
Y-amostra tal feitizo a quen a mira.
Y-o curazón c'os ollos da un dozore,
Quen non pode entender quen non-o proba.
Paresce que c'os beizos ela mova,
Un espírito suave cheo d'amore,
Quá y-alma vai dicíndolle: sospira.

Tradución do Soneto XV de 'La Vita nuova' de Dante publicada en 1929 como homenaxe ó galeguista na súa morte.

A folla

D'a tua pola abelada,
Probe filliña esfolhada,
Onde vas? –Quen-o soupera!
Foise o carballo muchento
Qu'agarimo a min me dera.
C'o acougar do seu alento,
Brando airiño ou vendaval
Tenme sempre en movemento,
Dende a touza ó chan pardo,
Dende a montaña hastra o val.
Eu vou onde vai o vento,
Sin queixarme, ó vetureiro;
Eu vou onde todo val
D'a rosa a folla que cai.
Coma a folla d'o loureiro.

O pin-pin e o chasco

Xa o día iba serodio y-a-lua escomenzaba a botar os seus non moi vivo raos sobr'a terra; xa os paxariños deixaban as súas ledas cantegas, pra deixar o siteo no vento ôs lacoeiros morcegos; xa soulo s'ouvian chiar os grilos e fungar a fonte por antr'as canovelas ou as leiras de verdento millos; ou tamén as cantegas d'os homes que c'oa sacha o lombo viñan d'o traballo pra súa casa botando a Deus a pregarea fervente que d'o peito saíalles; e non va á eirexa por non habela n'o sitio d'o conto (qu'e Galiza, pr'o tempo no qu'andaba o noso Señor pol'a terra); cando por un camiño, qu'antre leiras, toxales e carballeiras s'abre paso, vese vir un home cóma d'uns trint'anos pro qu'é non un home como outra calquera, non, senón un home qu'o pasar el, a lú, como si se afondase n'un burato, non deixaba alumear os raos d'a súa pequena cabaleira, pro sen embarje tod'o camiño coma si foran as doce do día víase máis branco qu'a brancura mesma graceas á resprandecente coroa que sobre a cachola d'o dito home se pousaba.

Leva arrugada a testa e baixa a cabeza, e camiña lixeiro como se escapara d'algo que contra'el viñera, pro sem embarje deixa ver n'os seus antrebeixos unha surrisa tan boa como si o ceo fora o que se surría.

Ô chegar es'ome, non d'a terra pois era o mesmo Noso Señor en persona, no medeo d'unha chea carballeira, un páxaro, a quen o sono non lle dera moi axiña, bota os ollos fora d'o seu niño e vendo quen era o camiñante qu'aquelas horas con tan lixeiro paso camiñaba, bótalle po-la súa boca este xemitoso saúdo: “pin-pin, pin-pin”, e vólvese a recoller y-acougar n'o seu pequeno niño.

Ô ouvir aquel saúdo un páxaro de non moi pesado sono que preto d'o “pin-pin” acougaba saca tamén a súa cacholiña fora coma rindo d'o tristeiro qu'é o seu compañeiro bota ese ‘chás-chás’ qu'aínda hoxe ll'ouvimos nas ardentes serás d'o vran, ô que nos chamamos chasco.

Pro non poideron dormir moito os nosos paxariños, pois non moi lexos d'alí devían vir soldados a xuzgar por un ferrento soido qu'e mais e mais ouvíase.

Eles son, xa chegan á dita carballeira e vindo ô “pin-pin” c'oa cachola fora d'o niño disposto a enterrase d'o qu'abia dinlle: “pin-pin quers decirnos si ven por acó un home qu'alumeaba e que se chamaba Noso Señor”, e díxolles o pin: “pin-pin, por acó n'o vin” (O qu'esto leía non se ría pois n'aquel tempo falaban os paxaros). Non ben dixo esto o pin-pin, a quen Deus lle dera e el s'aproveitara un bo corazón, bota o chasco unha voadade pódose diante d'o pin-pin dill'o xefe d'os xudíos, que n'eran outros os soldados, “chas-chas por eiquí ben vas”, y-os xudíos siguiron e Noso Señor morrería n'a Cruz. Dende entón chora o Pin-pin e o chasco ríe, e o que mat'un chasco jana vint'anos de ceo onde lle deseio que vaya o qu'isto lea.

Dous rapaciños rifaron, y-estábanse batendo cegos. Un d'íles san e rexo, y-o outro un malpocadiño que choraba. Dúas mulleres apartáronos e levaron ó meniño dos choros dándolle bicos. O outro, o san e forte, soilo, vermello de vergonza quedaba sin agarimo, cheo de tristura, e foise indo paseniño. Fíxenlle unha festa ó probe do rapás e dixeran pra min "tamén os fortes dan compasión ás veces" lembrándose d'un sucedido.

O sucedido foi esto. Había unha vés n-unha aldea veira mar, n-a ría de Marín, dous mozos mariñeiros. Chuco e Manoel. Eran tempos n-os qu'aínda non ian as motoras a buscar sardiña a Leixoes, nin xiquera as artes da traíña eran donas das rías. Os barcos xeitosos ian mar afora máis alá d'a illa d'Ons e chegaban moitas veces a Finisterre.

Manoel era un rapás ergueito e finiño, churrusqueiro y-amigo d'as rapazas. Chuco era un mozo forte e valente que se desfacía de bó; ninguén bogaba coma il que pasaba horas sin arrial-o remo, e sin falar, nin se conocía nadador coma il n-a ría.

El Chuco e Manoel tiñan tolería por Carmela, unha meiga rapaza d'ollos mouros, moi beiladora. Cando un d'os mariñeiros á sua maneira lle buscaba as voltas, y-ela por ningun s'acraraba. Con Manoel ría e parolaba a desfacerse, diante de Chuco baixaba os óllos, e toda s'alcendía.

Pasou o caso cando Manoel e Chuco saíron ó mar n-o mesmo barco con oito homes máis. O barco era nóvo e foron á despedida vellos, nenos e mozas, y-entre eles Carmeliña que non separaba os óllos de Chuco, nin Chuco d'ela. Foron as miradas unha promesa d'amore, e Chuco bogou con máis forza que nunca, cheo de vida.

Non se soupo bén nunca, porque estas cousas non se saben bén endexamais. O mar estivera calmo, e batía un pouco de Nordeste. Fixéranse dous bos lances

n-a illa, y-o barco voltaba pra terra cando caía o sol, con toda a vela pra aproveitar as frías. Debeu ser com'un lostrego a nortada, a escota non corren a tempo, a carga foise a unha banda, calquer cousa, o conto foi que d'un soilo batido o vento dou volta ó barco y-os homes fóronse ó mar co'a sorte de se poderen por a-salvo n-a quilla.

Xa todo se cerrara d'escuma, e rompendo avantaban as augas. Non se vía un barco, zoaba o vento y-a noite chegaba. Foi entón cando Chuco, o máis forte nadador de todol-os xeiteiros, botouse ó mar confiado e surrindo a buscar en terra axuda pr'ós probiños que alí se quedaban engarrados no barco deitado n-as olas. Todol-o viron loitar, avantando en longas brazadas con toda seguranza e ninguén dubidou que conseguise o proposto.

O tempo pasou en balde, e n-a noite coidaron os mariñeiros morrer moitas veces, mollados y esmoreados de frío. Pol-a mañán unha motora topou o barco perdido e salvou os nove homes.

Aquela mesmo mañán apareceu Chuco morto n-a area de Beluso despois de nadare cinco millas: o seu esforzo fixo sostener a esperanza n-os que quedaban n-o cativo amparo d'as madeiras do barco. Os probiños salváronse y-o mozo forte morreu.

Non pasou un ano a Carmeliña sempre meiga e beiladora casábase con Manoel, de cote finiño e churrusqueiro. E certo que co'a lembranza de Chuco pódese dicir qu'os fortes dan compasión ás veces e que non está de máis o pregar por eles.

.....
Conto de Losada Diéguez publicado na revista Nós, nº5 24-VI-1921



Derradeira foto de Losada. En Domaio, pouco antes de morrer coa súa segunda muller, Mercedes Espinosa. Na portada, caricatura de Losada. Na páxina 2 do monográfico, un retrato de Antón Losada Diéguez en decembro do ano 1912

11 / OUTUBRO DO 2004 - NÚMERO 552

r d l

REVISTA
DAS
LETRAS

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: SI num. Maquetación, Antón López. Fotografía: Chlco Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

RIMBAUD



Do seu. Da historia da súa loucura. De como escribía silencio, noites e anotaba o inefable. Da desorde do seu espírito. Da súa alucinación simple cando vía – escribe nos seus ‘Delirios’ en ‘Unha tempada no inferno’ – “moi limpamente unha mesquita no canto dunha fábrica, unha escola de tambores formada por anxos, carruaxes nas rotas do ceo, un salón no fondo do lago”. É Artur Rimbaud (1854-1891) enigmático, contradictorio, autodestructivo, aventureiro, brillante, rebelde, anárquico, republicano, mesmo violento ante o que hoxe se renden, poetas e non, no anxeio da pulsión libre. Símbolo do irredento deixou de escribir a vida para vivila e morrer en lenta e dolorosa agonía. “A moral é a febleza dos miolos” – escribiu quen gustou do deserto, das hortas queimadas, das tendas murchas, das bebidas temperadas, da absenta e o haxix e quen, ós vinte anos de idade, tiña a obra feita e a vida acabada. Chegando ós 150 anos do seu nacemento, o autor francés –que lían con paixón Cunqueiro e Blanco Amor, do que Miró sempre tiña exemplar da

Mil lobos, mil grans salvaxes Rimbaud

súa obra tanto na mesiña de noite como no seu taller ou que hoxe adubía as letras das cancións de Patti Smith– devén poeta das iluminacións: un poeta eterno que reformulou a palabra para ser ponte de busca existencial onde vida é patria de escuridade e turbilións. Son as letras universais e a contracorrente dun precursor que aínda hoxe están pendentes dunha edición da súa obra en galego. Versos en galego, ata agora illados e espallados en publicacións periódicas, dos que fai entrega este monográfico de RDL: dende a primeira tradución ao galego que se coñece –no 1919 da man de Vicente Risco en ‘A Nosa Terra’. Idearium de Irmandade da Fala’– ata as tres entregas posteriores da man de Xesús González Gómez no 1971, de Ramona Fernández e R. López no 1991 e de María González Lopo no 1999, ano no que Suso Pensado faría tamén tradución de ‘O Barco Ebrio’ no número sexto de ‘Clave Orión’. Na portada deste número, recuperamos tamén unha das ilustracións que Antonio Murado realizara expresamente en 1991 para outra Revista das Letras, dedicada entón ó centenario da súa morte.



O poeta

das iluminacións

S. Noia e A.R. López

Esta semana cúmprese os 150 anos do nacemento de Rimbaud, un dos poetas máis influentes da poesía occidental do último século. Interesado pola filosofía ocultista, a alquimia, a cábala e a maxia, Rimbaud escribiu toda a súa obra antes de cumprir os vinte anos e representa, dalgún xeito, a bohemia romántica. A súas influencias van desde Baudelaire –a máis palpable: non só o impresionaba a súa poesía senón tamén as súas teorías literarias e a súa actitude ante a vida– a Proudhon, e o obxectivo da súa doutrina estética era atopar unha linguaxe nova, capaz de expresar o inefable e de non estar suxeito á lóxica, nin á gramática nin á sintaxe. A súa poesía en verso, sen embargo, era altamente sonora e musical. Entre as obras que legou á humanidade, figuran 'Unha tempada no inferno', 'O barco ebrio', 'As iluminacións' e 'Voyelles'.

O 20 de outubro de 1854 nacía nunha cidade da campiña francesa Jean-Nicolas-Arthur Rimbaud, unha desas figuras do século XIX que aínda hoxe, 150 anos despois, manteñen o seu fascinante magnetismo non só pola súa vida –contradictoria, salvaxe, autodestructiva, esplendorosa, anárquica...– senón pola súa obra, rompedora e a contracorrente dos poetas parnasianos do seu tempo

En realidade, o poeta que foi Rimbaud durou só tres anos: 1869-1872, período no que escribiu case a totalidade da súa obra. A partir de aí, cando contaba vinte anos, Rimbaud deixa de escribir e lánzase a unha vertixinosa aventura por Europa, Asia e África, até morrer fisicamente ós 37 anos en Marsella cunha perna amputada. Atrás deixaba unha vida verdadeiramente aventureira, unha historia de amor tan violenta como apaixonada –a de Verlaine– e unha obra na que beberon boa parte dos escritores posteriores e fonte inesgotable que, aínda hoxe, pode degustarse e provocar calafríos no corpo pola súa transparencia, recentemente extraída das entrañas do mundo, un mundo que, ademais, non xira nas coordenadas da arte esteticizante: as elipses do mundo de Rimbaud seguen a órbita da exaltación e a curiosidade, dos sentidos estimulados e a angustia existencial.

Desde neno, Rimbaud era un neno prodixio. Foino na escola, onde ocupaba o primeiro posto da clase, e foino no cultivo poético, con versos que incluso provocaron a felicitación da familia imperial cando el lle remitiu uns brillantes hexámetros latinos ó príncipe con motivo da súa primeira comunión. Era un alumno modelo e un bo rapaz, cunha extraordinaria memoria e unha gran facilidade para a expresión.

A primeira persoa que o moldeou –a


máis da súa nai, a inflexible Vitalie Cuif– foi un profesor que en 1870 chega a Charleville, Georges Izambard, que non tarda en caer fascinado polas habelencias de Rimbaud. Aquela amizade incomodaba á señora Rimbaud, que comezaba a detectar signos de indisciplina no rapaz, atribuíbles ó seu xuízo á proximidade e consellos de Izambard.

A situación política e bélica –a guerra de Prusia– leva o profesor lonxe de Charleville e, despois dunha disputa coa nai, separa os dous compañeiros. Rimbaud, republicano xa de por vida, comeza a asfixiarse. Trata de fuxir a París sen cartos sequeira para o billete de tren e acaba detido. Izambard será quen o rescate e o leve a Douai, a cidade na que vivía.

Rimbaud está feliz pero a súa felicidade non dura: a nai reclámao e ó profesor non lle queda máis remedio que devolvelo a casa. Pero Rimbaud non se dá por vencido e ensaia unha nova fuga, desta volta a Bruxelas e, máis tarde, a Douai, onde pasa unha agradable tempada en compañía de Izambard e a súa familia. Ó cabo, de novo a nai esíxelle á policía que lle devolva o seu fillo. E Izambard entégallo. Será a última vez que ambos se vexan. A aventura, sen embargo, non fai máis que comezar para Rimbaud.

En febreiro de 1871, tras unha disputa violenta coa súa nai, vende o que ten e foxe a París pero regresa ao pouco. Só quedará uns días: o 18 de marzo estoura a revolución e decide marchar á Comuna adherirse ós seus principios.

Compón himnos revolucionarios e redacta unha constitución comunista pero, como sempre, non acaba de sentirse a gusto e abandona ós oito días. E aí comeza a súa relación con Verlaine, un admirado poeta entón en París.



Fotografía de Rimbaud aos 17 anos feita por Carjat –á esquerda– e de Verlaine ao 22 anos. A foto da páxina 2 corresponde a Rimbaud nun xardín de café en Harar no 1884. Da mesma data é a da páxina 4 na súa casa en Harar. As imaxes da páxina 6 corresponden a súa casa en Harar, á esquerda, xunto con unha foto do poeta na plantación

Aínda que a imaxe tradicional nos fala dun home maior e dun neno, a realidade é que Verlaine tiña só 26 anos cando coñeceu a Rimbaud, que daquela tiña dezaseis anos. O matrimonio con Matilde –tamén de dezaseis anos– tróuxeralle a Verlaine un pouco de tranquilidade: ó paracer xa non se emborrachaba como cando era solteiro. Pero a irrupción de Rimbaud trastoca aquel inestable equilibrio.

Rimbaud, ó primeiro da súa chegada a París, asombrara á bohemia polo seu xenio, pero a novidade deu paso ó aborrecemento e o mozo poeta, cun carácter endiañado e a obscenidade como sinal superficial da convulsión interna que o sacudía, abandona os cenáculos literarios. Verlaine será o seu único guía e xuntos embárcanse en maratóns de absentia e haxix, orxías e excesos. “Existe unha gran diferenza entre a actitude de Rimbaud e de Verlaine”, escribe Enid Starkie, o gran biógrafo de Rimbaud, “ante a ebriedade e os excesos de todo tipo. Verlaine nunca buscou máis que a simple satisfacción momentánea dos sentidos, sen xamais investigar nin o cómo nin o por qué. Rimbaud, sen embargo, que tiña moito de puritano na súa maneira de ser, consideraba os excesos como unha necesaria disciplina estética e espiritual”.

Ó primeiro, a súa relación era dunha plenitude indiscutible: Rimbaud encontraba en Verlaine un compañeiro capaz de comprendelo e de impulsalo no seu cultivo literario. De feito, é neste período da súa relación cando escribe o groso máis importante da súa obra. Pero vivencialmente, os atrancos eran case insalvables. Verlaine non só era un home de carácter débil: tamén estaba casado e tiña un fillo. A Matilde, unha muller de carácter resignado e intransigente, aquela relación parecíalle insufrible e máis lle pareceu cando se estendeu o rumor de que o seu marido mantiña relacións homosexuais con Rimbaud. Os padecementos de Matilde foron enormes. Verlaine insultábala e pegáballe cando chegaba borracho, tratou de queimarlle o cabelo, ameazábala cun coitelo na gorxa e, mesmo, colleu unha noite o naipelo e tirouno contra a parede: salvouse porque estaba envolto nunhas mantas. Como Matilde ameazaba a Verlaine co divorcio, el amañouse para que Rimbaud regresase a Charleville, un exilio que só servirá para

acirrar o mozo poeta, que ansiaba vinganza: colleu o costume de tratar sadicamente o seu amante. A situación aínda se retorceu máis e Rimbaud convence a Verlaine para fuxir de París. Primeiro marchan a Bruxelas, onde Matilde chega a buscar tamén o seu marido. El escapa. Logo, Londres e alí, nun labirinto tormentoso de idas e vidas, pasan un tempo até que Verlaine, ó bordo da loucura e aterrado porque a súa muller xestiona o divorcio, marcha a Bruxelas e Rimbaud séguelo atrás. Nunha escena digna da mellor traxedia, están nun cuarto de Bruxelas Rimbaud, Verlaine e a nai de Verlaine, que era quen lle daba cartos para as súas aventuras. Discuten e Verlaine, nun rauto de furia, dispáralle a Rimbaud e féreo. Rimbaud, tras a cura e a remuda das discusións, pí-delle axuda á Policía e Verlaine é detido. Condénano a dous anos de cárcere.

Rimbaud cae nun baleiro absoluto. Nin sequera logrará encher ese baleiro un novo amigo, o poeta Germain Nouveau, que abandonará ante a presión dos seus amigos tras unha viaxe xuntos a Inglaterra. Verlaine, ó saír do cárcere, amósalle a súa amizade pero xa non o ama: está entregado xa ó amor a Xesús. Serán a nai e a irmá de Rimbaud as que o rescatan para iniciar un último regreso a Charleville.

A partir de aí, a vida de Rimbaud convértese nunha itinerancia continua, pero nunca volve escribir. Vive na Alemaña, marcha a Italia presionado polas débedas e visita cidades como Siena ou Milán. De novo, París e Charleville como tránsito cara a Viena, Batavia... Deserta do exército holandés, no que se enrola por necesidades económicas como voluntario, e reinicia unha vez máis o seu periplo: Cidade do Cabo, Liverpool, París, Charleville, Chipre, Exipto, Adén e, finalmente, Harare, onde é xefe dunha sucursal dunha casa comercial. Cos aforros que fai pretende artellar un lucrativo negocio vendéndolle armas a Menelik, o emperador abisinio, pero a transacción non resulta o benéfico que esperaba. En 1891, empézasele a manifestar o cancro nunha perna. Regresa a Francia e ampútanlle unha perna. No hospital, a súa nai e a súa irmá entréganse ó seu coidado. Morreu o dez de novembro, ignorante da transcendencia que, nas décadas seguintes, acadaría a súa obra. ●



Depois do Dioibo

Logo qu'houbó escampado a idea do Dioibo.

Unha lebre parouse nas herbas y-as campaiñas moventes, e dixo seu rezo ó arco da veila, dend'atras da tela d'araña.

¡Ou, as pedras preciosas que s'escondian, as froles qu'ollaban xa!

Na grande rua emporcada, as tendas ergueronse, e sacaron os barcos car'o mar, posto aló enriba coma nas estampas.

O sangue colou, na casa de Barba Azul, nos matadeiros, nos circos, ond'o sello de Dios decorou as xanellas. O sangue e mail-o leite colaron.

Os castores construíron. Os "mazagrás" fumegaron nos fumadeiros.

Na gran casa de vidros, inda escorrend'auga os nenos de loito ollaron as maravilosas imaxes.

Unha porta renxeu; e na plaza d'aldeia, o neno volveu os brazos, inda das veletas e dos galos das torres, de todol-os lados, baixo a treboada.

Madame puxo un piano nos Alpes. A misa y-as primeiras comuniós fixéronse nos mil altares da Catedral.

Forons'as caravanas. Y-o Splendide'Hôtel foi construído no deserto de lazos do Polo.

Dend'enton, a lua escoitou ós chacás oubeando pol-os desertos d'herbas cheirosas y-as églogas en zocos murmuñando no pensil. Logo na carballeira violeta, xurdindo, Eucharis dixome qu'era a primadeira.

Sordos tanques –escuma, roda sobor do ponte, vai por riba das carballeiras– panos mouros y-órganos, lostregos e tronos, rubide e rodade–augas e tristuras, rubide e volved'e traguel-os dioibos.

Pois dende qu'eles se foron –iou as pedras preciosas escondéndose y-as froles abertas!– Amorriñase un! y-a Reina, a Meiga qu'alcend'a sua lume na ola de terra, non quererá endexamais nos decir o qu'ela sabe e nós non sabemos.

.....
Tradución: Vicente Risco.

O poema, cunha nota introdutoria, apareceu publicado no número 92 de 'A Nosa Terra', o 15 de xuño de 1919.

Sensación

Nas noites azuis do verán, adentrareime nas vereas,
peteirado polo trigo, atroxando a miúda herba:
Terei, a par do ensoño, baixo os meus pés a barrufa,
Deixarei que o vento bañe a miña cabeza núa.

Non falarei, non pensarei, conquistárame a nada.
Pero o amor infinito hame cabalgar a alma,
e irei lonxe, moi lonxe, como leva a bohemia a un ser,
envolto na natureza, – feliz como unha muller.

.....
Tradución: Ramona Fernández e R. López.

Este poema máis o da páxina 9 foron publicados no número 10 de 'Revista das Letras', o 5 de novembro do 1991 con motivo do centenario da morte do poeta das iluminacións.

Venus Anadiomena

Como dun cadaleito de folla de lata verde, emerxe da bañeira a cabeza dunha muller lenta e torpe, con aceitosos cabelos mouros, con defectos excesivamente mal disimulados.

Segue un pescozo grosO e gris, os lonos omóplatos, sobresaíndo, a curta espalda que entra e sae, e, logo, as redondeces dos seus riles, que parecen coller forzas, e aquela graxa, baixo a pel, coleccionada como fascículos.

O espiñazo está un pouco rubio, e todo ten un sabor estrañamente horrible. Chaman a atención, en especial, singularidades que é preciso ver con lupa...

Os cadrís levan dúas palabras gravadas: *Clara Venus*
-E todo iste corpo move e estira a súa anca,
Repulsivamente fermosa, de úlcera anal.

Das escasas traducións de Rimbaud ao galego, dúas volveron sobre a obra ‘Unha tempada no inferno’, máis concretamente o segundo capítulo dos Delirios titulado ‘Alquimia do verbo’: unha, a do crítico Xesús González Gómez –no número 34 de Grial do ano 1971– e outra posterior de María González Lopo na revista Unión Libre no 1999. Eis as lecturas literarias dun mesmo texto

Alquimia do verbo

Do meu. A historia dunha das miñas loucuras. Dende había moito tempo vangloriábase de posuír todas as paisaxes posibles, e atopaba irrisorias as celebridades da pintura e da poesía moderna.

Gostaba das pinturas idiotas, lindeiras decorados, panos de titiriteiros, letreiros, estampas populares; a literatura anticuada, latín de igrexa, libros eróticos mal ortografados, romances das nosas avoas; contos de fadas, libríños de infancia, óperas vellas, refráns parvos, ritmos inxenuos.

Soñaba cruzadas, viaxes de descubrimentos dos que non se conserva relación, repúblicas sen historias, guerras de relixión abafadas, revolucións de costumes, desprazamentos de razas e de continentes: cría en todos os feitizos.

¡Inventei a cor das vocais! –A negro, E branco, I vermello, O azul, U verde. –Regulei a forma e o movemento de cada consoante, e, con ritmos instintivos, gabeime de inventar un verbo poético accesible, antes ou despois, a todos os sentidos. Reservaba a traducción.

Foi o primeiro un estudio. Escribía silencios, noites, anotaba o inefable. Fixaba vertices.

[...]

Lonxe dos paxaros, dos rabaños, das labregas, ¿Que bebía, a xeonllos nesta uceira Arrodeado de tenras fragas de abeleiras, Nunha brétema de tarde verde e tépeda?

¿Que podía beber neste xove Oise, –¡Olmos sen voz, herba sen flor, ceo cuberto!– Beber nestas cabazas marelas, lonxe do casoupo Benquerido? Algún licor de ouro que fai suar.

Figuraba un equívoco letreiro de pousada. –O trebón veu botar o ceo. ¿A tardíña A auga das fragas perdíase nas areas virxes, O vento de Deus guindaba xeos ás pozas;

Chorando, vía ouro –e non puiden beber.–

[...]

Ás catro da mañá, no verán, O sono de amor aínda dura. Baixo as boscaxes esváese O olor do serán festexado.

Aló, no seu vasto obardoiro Baixo o sol das Hespérides, Axítanse xa –en mangas de camisa– Os Carpinteiros.

Nos seus desertos delique, tranquilos, Preparan os preciosos artesoados Onde a cidade Pintará ceos falsos.

Oh, por eses Obreiros feiticeiros Vasalos dun rei de Babilonia, ¡Venus! deixa un momento aos Amantes E á súa alma en coroa.

Oh Raíña dos Pastores, Leva aos traballadores a aeguardente, Que as súas forzas estean en paz Esperando o baño no mar ao mediodía.

[...]

As antigallas poéticas ocupaban unha parte importante na miña alquimia do verbo.

Habíteme á alucinación simple: vía moi limpamente unha mesquita no canto dunha fábrica, unha escola de tambores formada por anxos, carruaxes nas rotas do ceo, un salón no fondo dun lago; os monstros, os misterios; un título de vaudeville erguía espantos diante miña.

¡Logo expliquei os meus sofismas máxicos coa alucinación das palabras!

Rematei por atopar sagrada a desorde do meu espírito. Estaba ocioso, presa dunha forte febre: envenaxa a felicidade dos animais, –ias eirugas que representan a inocencia do limbo, as toupas, o sono da virxindade!

O meu carácter acedábase. Dicialle adeus ao mundo nu-

nha especie de romanzas:

CANCIÓN DA TORRE MÁIS ALTA

Que veña, que veña, O tempo que namora.

Tanto a paciencia cultivei Que para sempre esquezo. Temore e sufrimentos Fóronse aos ceos. E a sede malsá escurece as miñas veas.

Que veña, que veña, O tempo que namora.

Semellante á pradería Ao esquecemento abandonada, Medrada, e florecida De incensos e de xoios, Ao fero zunido Das sucias moscas.

Que veña, que veña, O tempo que namora.

Gustei do deserto, das hortas queimadas, das tendas mur-chas, das bebidas temperadas. Arrastrábame nas canellas fedorentas e, cos ollos pechados, ofrecíame ao sol, deus de lume.

“Xeneral, se fica un vello canón nas túas murallas en ruínas, bombardeáanos con anacos de terra sexa. ¡Aos espellos dos comercios espléndidos! ¡nos salons! Faille comer a súa po-eira á cidade. Enfermuxa as gárgolas. Enche os toucadores de po ardente de rubí...”

¡Oh! ¡a mosquiña embriagada no urinario da pousada, na-morada da borraaxe, e que destrúe un raio!

FAME

Se teño gusto, non e senón Pola terra e as pedras. Susténtome sempre de aire, De rocha, de carbóns, de ferro.

Fames de meu, xirade. Pacede, fames, O prado dos sons. Atraede o ledo veneno Das enredadeiras.

Comede os croiois que se creban, As vellas pedras de igrexas; Os seixos dos vellos diluvios, Pans sementados nos vales grises.

[...]

O lobo berraba baixo as follas Cuspindo as fermoas plumas Da súa comida de aves: Come el consúmome.

As leitugas, as froitas Non esperan senón a colleita; Mais a araña da sebe Non come senón violetas.

¡Que durma! que ferva nos altares de Salomón. O caldo corre sobre a ferruxe, E mestúrase ao Cedrón.

Por fin, oh felicidade, oh razón, afastei do ceo o azul, que é negro, e vivín, faísca de ouro da luz *natureza*. Ledo, puña unha expresión bufa e perdida a máis non dar:

¡Foi atopada! ¿Que? a eternidade. E a mar mesturada Ao sol.

Miña alma eterna,

Cumpre o teu voto Malia a noite soa E o día de lume.

¡Así afástate Dos humanos sufraxios, Dos comúns impulsos! Voas segundo...

–Xamais a esperanza. Sen *orientur*. Ciencia e paciencia, O suplicio é certo

Xa non hai porvir, Brasas de satén, O voso ardor É o deber.

¡Foi atopada! –¿Que?– A Eternidade. É a mar mesturada. Ao sol.

[...]

Volvinme unha ópera fabulosa: vin que todos os seres posúen a fatalidade da dita: a acción non é a vida senón unha maneira de estragar calquera forza, un desacougo. A mortal é a febleza dos miolos.

Varias vidas *outras* a todo ser semellábanme debidas. Este señor non sabe o que fai: é un anxo. Esa familia é unha camada de cans. Perante varios homes, conversei moi alto cun momento dunha das súas outras vidas. – Así ameí a un porco.

Ningún dos sofismas da loucura, –a loucura que se re-clúe, –esquecín: podería repetilos todos, posúo o sistema.

A miña saúde foi ameazada. O terror chegaba. Caía en so-nos de varios días, e, ergueito, continuaba os soños máis tristes. Estaba maduro para o pasamento, e por un camiño de perigos a miña febleza levábame aos confíns do mundo e da Cimeria, patria da escuridade e dos turbillóns.

Tiven que viaxar, distraer os feitizos reunidos no meu ce-rebro. No mar, que amaba como se tivese que lavarme du-nha mancha, vía erguerse a cruz consoladora. Fora conde-nado polo arco da vella. A Dita era a miña fatalidade, o meu remorso, o meu verme: a miña vida sería sempre demasia-da inmensa para ser consagrada á forza e á beleza.

¡A Dita! O seu dente, doce á morte, advertíame ao canto do galo, –*ad matitunum, ao Christus venit*,– nas máis es-curas cidades:

¡Oh tempadas, oh castelos! ¿Que alma non ten defectos?

Fixen o máxico estudio Da felicidade, que ninguén elude.

Saúdoa, cada vez Que canta o galo gállico.

¡Ah! xa non terei desexos: Encargouse da miña vida.

Este feitoz tomou alma e corpo E dispersou os esforzos.

¡Oh tempadas, oh castelos!

A hora da súa fuxida, ¡ai! Será a hora do pasamento

¡Oh tempadas, oh castelos!

[...]

Isto pasou. Sei hoxe saudar á beleza.

(O texto de “Alchimie du verbe” está tomado de Arthur Rimbaud, *Oeuvres Complètes*, Paris, Gallimard, Bibliothèque de la Pléiade, 1972, pp. 106-112).

María González Lopo

Alquimia do verbo

A min. A historia dunha das miñas toladas.
Dende había moito tempo gabábame de ter todas as paisaxes posibles, e atopaba irrisorias todas as celebridades da pintura e da poesía moderna.

Gostábanme as pinturas idiotas, rótulos, decoracións, telóns de saltanocribos, ensiñas, cromos populares; literatura pasada de moda, latín de eirexa, libros eróticos con fallas de ortografía, novelas das nosas aboas, contos de fadas, pequenos libros da nenez, belas óperas, retrousos parvos, ritmos inxenuos.

Soñaba cruzadas, viaxes de descubrimentos dos que non queda relación, repúblicas sin historias, guerras de relixión oufegadas, revolucións de costumes, desplazamentos de razas e continentes: creía en todos os encantamentos.

Inventaba a coor das vocales! –A negra, E Branca, I roxa, O azul, U verde–. Regulaba a forma e o movemento de cada consonante, e, con ritmos intuitivos, finchábame ede inventar un verbo poético accesible un día ou outro, a todos os sentidos. Reservaba a tradución.

Primeiro foi un estudo. Escribiría silenzos, noites, anotaba o inespresable. Fixaba vágados.

Lonxe dos paxaros, dos feixes, das aldeas,
¿Qué bebía eu, axionllado nista silveira
Arrodeado de tenras avelairas,
Nunha brétema de serán tépeda e verde?

¿Qué podía beber niste mozo Oise,
–Olmos sin voce, céspede sin frores, ceo enfuscado!–
Beber nisas cuncas marelas, lonxe da miña palloza
Querida? Algún licor de ouro que fai suar.

Facía unha trabucada ensiña de pousada
–Unha treboada veu a botar o ceo. Polo serán
A auga dos bosques perdlase nas areas vírxenes,
O vento que Deus guindaba tempanos ás pucharcas;

Chorando, vía o ouro –e non puiden beber–

[. . .]

As catro da mañá, o vran,
O sono de amor dura aínda,
Vapórase baixo os bosqueños
O cheiro do serán festexado

Aló, no seu largacío obradoiro,
Ao sol das Hespérides,
Abálanse xa –en mangas de camisa–
Os carpinteiros.

Nos seus Desertos de carriza, quedos,
Preparan preciosos artesanados
Onde a cidade
Pintara ceos rasos.

Ouh, pra ises Obreiros, maravillosos
Súbditos dun Rei de Babilonia,
Venus! deixa n intre aos amantes
Cua alma está coroada.

Ouh, Raiña dos Pastores!
Leva aos traballadores o augardente,
Que as súas forzas estean en paz,
Esperando o baño na mar ao mediodía.

[. . .]

A antigalla poética tiña boa parte da miña alquimia do verbo.

Acostumábame á alucinación simple: eu ollaba limpa-mente unha mezquita en lugar dunha fábrica, unha escolanía de tambores feita por anxos, calesas nos vieiros do ceo, un salón ao fondo dun lago; os monstros, os miste-rios; un tíduo de Vaudeville erguía pavoras diante de min.

Dispóis explicaba os meus sofismas máxicos ca aluci-nación das palabras!

Rematéi por atopar sagro o desorden do meu espírito. Era un lacazán, presa dunha febre zoupona; envexaba a felicidade das bestas –os vermes, que representan a ino-cencia dos limbos, as toupes, o enxoño da virxinidade!

O meu caraute acedábase. Decía adeus ao mundo nu-nha especie de romanzas:

CANCIÓN DA MÁIS OUTA TORRE

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa,
Teño tanta pacencia
Que xamáis esquezo
Medos e sofrendos
Fuxiron ao ceo.
E a sede malsán
Escurece as miñas veas.

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa.

Tal a pradeira
Entregada ao esquezo
Medrada e frorida
De icnenso e de estripas,
Ao túzaro zoar
Das porcas moscas.

Que veña, que veña,
O tempo que apaixoa.

Gostábanme os desertos, os verxeles queimados, as ten-das murchas, as bebidas tépedas. Arrastrábame polas rúas fedentas, e, cos ollos pechados, ofrecíame ao sol, deus do fogo.

“Xeneral, si queda un vello cañón sobre os teus valados en ruínas, bombardeános con bloques de terra enxoita. Aos espellos dos farturentos almacéns! Faille embullar o seu pó á cidade. Enferruzan as gorgazas. Enche aos ca-maríns de pó de rubí ardente...”

Ouh! o moscardón, embébedo no mexadoiro da pousa-da, namorado da baralla, e que eslúe un raio!

FAME

Si teño gosto, non é máis que
Para a terra e as pedras.
Almorzo sempre aire,
Pedras, carbón, ferro.

Fames miñas, tornádevos. Pasado, fames,
O lameiro dos sóns,
Atraguede o lodo veneno
Das enredadeiras.

Xantade pedras esnaquizadas,
As vellas pedras de eirexas;
Os croiros dos vellos dioivos,
Pans sementados nos cincentos vales.

[. . .]

O lobo ouveaba baixo as follas
cuspiendo as belas prumas
Do seu xantar de aves:
Coma il eu chuchome.

As leitugas, as froitas
Esperan só a colleita;
Pero a araña do valado
Non xanta máis que violetas.

Que eu durma! que ferva
Nos altares de Salomón.
Asopa corre sobre da ferruxe
E mestúrase ao Cedrón

En fin, ouh felicidade, ouh razón, arredéi do ceu azul, que é negro, e vivín, faisca de ouro da luz natureza. Por lodo, adoitaba unha espresión choqueira e traspoleirada deica o posible:

[. . .]

Foi de novo atopada!

Qué? a Eternidade.
É amar misturada
Co sol.

A miña alma eterna,
Cumple o teu voto
Malia a noite soia
E ao día en lume

Pois ti céibaste
Dos votos humáns,
Dos pulos comúns!
Voas asegún...

–Xamáis a esperanza,
Non hai *orientur*.
Cencia e pacencia,
o suplicio é seguro.

Xa non hai mañán
Brasas de satén
A vosa ardentía
É o deber.

Foi de novo atopada!
–Qué? –A Eternidade.
É a mar misturada
Co Sol.

Convertínme nunha ópera fabulosa: vín que todos os seres teñen unha fatalidade de dita: a acción non é a vida, sinón un xeito de desboar unha forza, un alporizamento. A moral é a febleza do cerebro.

A cada ser, coidaba eu, debíanselle variar *outras vidas*. Ise señor non sabe o que fai: é un anxo. Ista familia é un niallo de cáns. Didiante de varios homes, eu falaba en outra voz cun intre dunha das súas outras vidas. –Esí, améi a un por-co.

Ningún dos sofismas da tolemia –a tolemia que se pe-cha–, foi esquecido por min: poderíaos repetir todos, son dono do sistema.

A miña saúde foi ameazada. O terror viña. Caía nos sonhos de varios días, e, ergueitos, continuaba os sonhos máis tris-teiros. Eu estaba madurecido para a morte o por un viero de perigos a miña febleza levábame aos ermos do mundo e da Cimeria, patria da sombra e das redemoñías.

Tiven que viaxar, distraer os encatnamentos axuntados no meu cerebro. Sobre a mar, á que amo coma si tivera que levarme dun lixo, ollaba erguerse á cruz confortadora. Fun condanado polo arco da vella. A Feliciade era a miña fatali-dade, o meu remoros, o meu verme: amiña vida sería sem-pre inmensa dabondo pra ser consagrada á forza e á beleza.

A feliciade! O seu dente, doce á morte, decatábame ao canto do galo –ad *matutinum*, ao *Christus venit*–, nas máis escurentas cidades:

Ouh sazóns, ouh castelos!
Qué alma hai sin defectos?

Fixen o máxico estudo
Da felicidade que ningún escusa

Salve a ila, cada vez
Que canta o galo dos Galos

Ah! non teréi máis cobiza:
Encarregóuse da miña vida.

Iste encanto tomou alma e corpo
E espallou os esforzos

Ouh sazóns, ouh castelos

A hora da súa fuxida, ai!
Será a hora da morte.

Ouh sazóns, ouh castelos!

Todo isto pasou. Hoxe séi saudar á beleza.

.....

Xesús González Gómez

7 DE OUTUBRO DO 2004 - NÚMERO 538


rdL

REVISTA
DAS
LETRAS



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografía: Chino Mirás. Correio da Galiza hoxe.com

HAITÍ
seis meses despois



Haití,

a exuberancia da vida e da morte

S. Noia e A.R. López

O fotógrafo **Javier Teniente** regresa a Haití seis meses despois da súa primeira visita e de asistir coa súa cámara á revolta que propiciaría o cambio político actual, vixiado pola ONU con presenza de forzas españolas. Estes seis meses, sen embargo, non foron fáciles para os haitianos. Ademais dos continuos enfrontamentos entre milicias e faccións políticas, coa sombra de Aristide sempre ó axexo, Haití padeceu as peores inundacións da súa historia con centos de mortos, a ameaza de terribles infeccións e a quebra da xa tocada economía deste país caribeño, o primeiro de América que foi independente baixo un goberno de persoas negras. Teniente recolle, nesta reportaxe en exclusiva para RDL, as secuelas aínda visibles das inundacións e a permanencia das tensión sociais nunha terra onde a vida e a morte son sempre exuberantes.

Hai só dous días, os partidarios do ex presidente haitiano Jean-Bertrand Aristide –actualmente exiliado en Sudáfrica– irromperon a disparos no barrio de Bel Air, un dos seus feudos na capital de Haití, e atacaron as forzas da Misión da ONU para a Estabilización do país (Minustah). Nas últimas semanas, a policía haitiana, axudada polas tropas da Misión, arrestou decenas de persoas tras incidentes que causaron máis de 50 mortos e numerosos feridos, unha triste realidade que se repite en Haití desde hai máis dun século, cunha terrible sucesión de crises políticas e militares que converteron este país caribeño nun dos máis pobres do mundo.

O asubío das balas, non obstante, non altera o paso dalgunhas mulleres que empolían os bidóns de auga das súas cabezas tras a escasez que provocaron as últimas inundacións, e os nenos non se desvían do seu camiño cara á escola cos seus uniformes escolares. As refregas –diarias, continuas– tampouco alteran o ritmo comercial e as tendas abren as portas en busca da normalidade, algo que está un pouco máis cerca coa apertura do porto, punto clave para a economía do país e paso necesario para desbloquear a distribución de axuda humanitaria destinada á poboación, especialmente da cidade setentrional de Gonaïves, a máis afectada polo paso da treboada tropical *Jeanne*.


Haití é vítima de si mesma, do seu pasado e indefensa ante as forzas da Natureza. É unha historia que, periodicamente, provoca miles de vítimas, xa sexa por un levantamento armado ou as chuvias torrenciais. O país sofre algúns dos peores índices do mundo de mortalidade infantil, desnutrición, analfabetismo e unha das taxas máis elevadas de incidencia da sida, coa maxia negra do vodú como principal elemento cultural integrador. Todas esas circunstancias responden ás mesmas causas, que están no inicio da historia de Haití como Estado, segundo algúns analistas. Durante dous séculos, o pobo haitiano tratou de saír da marxinação internacional sen logralo. Constituíuse como país en contra da vontade internacional, entón escravista, fronte ó exército máis poderoso do mundo naquela época, o de Napoleón, e obtivo o éxito militar, político e cultural. O económico, pola contra, sempre se lle resistiu.

O fracaso económico de Haití débese, segundo estes mesmos analistas, ó alto custo que a comunidade internacional lle fixo pagar pola súa independencia, feito que encunhou a economía do país na agricultura de montaña. Estes cultivos acabaron cos bosques e coa capa superficial e fértil do solo, polo que hoxe en día nin hai terras ricas para a explotación, nin vexetación autóctona que mantenga o equilibrio ecolóxico.

“Coa independencia, os negros de Haití foron durante un tempo os mellor alimentados do mundo, exclusivamente grazas ó cultivo de millo, fabas e manís nas montañas, que pronto se esgotaron e, como se rematara cos bosques, o terreo estragouse ata o punto de que cada vez que chove se producen desprendementos de terra e inundacións”, asegura Paul Latortue, economista e irmán do primeiro ministro haitiano, Gérard Latortue. “As forzas sociais non poden loitar contra as forzas naturais e a situación nunca irá a mellorar mentres non se recupere o medio natural”.

A tormenta *Jeanne*, que rebentou o pasado xuño, é un claro exemplo da desprotección do país ante o medio. Con máis de 600 mortos, a tormenta sumiu novamente a Haití nunha situación catastrófica. Á falta de auga potable, a interrupción do servizo de electricidade e a incomunicación que sufriu o nordeste do país –aínda vixente en moitos puntos desde entón–, sumóuselle a urxente necesidade de medicinas, especialmente desinfectantes para combater a insalubridade xeneralizada e o risco de andazos. Para colmo de males, na rexión de Artibonite encontrábanse a maior parte dos cultivos de trigo antes de que a treboada acabase con eles, anunciándose deste xeito a fame.


Era, ademais, o segundo azoute da natureza que sufriu nunha mesma tempada, xa que en maio, as torrenciais chuvias causaron a morte de miles de persoas na fronteira de Haití coa República Dominicana, países que comparten o territorio da illa A Española. Poucos meses antes, Haití chegou a estar á beira dunha guerra civil por causa dunha crise política que desembocou na fuxida do poder e do país do entón presidente Aristide. Na actualidade, e como preparación dunhas futuras eleccións que deberán devolverlle ó país o réxime democrático, as forzas da ONU, capitaneadas por Brasil, tratan de abrir as canles posibles de pacificación e estabilidade socio-económica.











Desde 1957 a 1986, Haití estivo gobernado pola ditadura de Francois Duvalier *Papa Doc* e despois a do seu fillo Jean Claude *Baby Doc*, quen fuxiu do país en febreiro de 1986 con destino a Francia. O país iniciou un proceso de transición para a democracia. En 1990 celebráronse eleccións presidenciais, lexislativas e locais, que deron a presidencia da República ó sacerdote salesiano Jean-Bertrand Aristide. Aristide foi derrocado en 1991 por un golpe militar encabezado por Raoul Cedras. Partiu ó exilio e tras unha mediación do ex presidente estadounidense James Carter, Aristide regresou a Porto Príncipe en 1994. Pero o réxime de Aristide foi acusado de irregularidades electorais, asasinatos extraxudiciais e torturas, ata que unha revolta popular propiciou a saída do presidente do país, para exiliarse en Suráfrica. Tras a partida ó exilio de Aristide, Boniface Alexandre, presidente da Corte Suprema, xurou como presidente interino. Gerard Latortue, ex ministro de Exteriores, foi nomeado primeiro ministro e formou un gabinete integrado por personalidades sen afiliación política. A ONU despregou en Haití unha Misión para a Estabilización, integrada por soldados de 20 países, entre eles españois. Para 2005 está previsto que se celebren eleccións, ás que non se presentarán os membros do goberno interino.

